DEFENSA

SUBCOMISION PARITARIA DEFENSA MAIO 2021

Con data 13 de Maio tivemos reunión da Subcomisión Paritaria de Defensa, tratándose os seguintes puntos da orde do dia:

Aprobación e sinatura do acta da xuntanza anterior.
Quedou aprobada.

Información sobre o art. 42 e 43-1 do IV CUAXE.
Mobilidades por diminución da capacidade, adecúanse as funcións a 4 traballadores/as.
Art.43.1 mobilidade por razóns de conciliación, 2 solicitudes quedan pendente por falta de documentación .
Neste punto a parte social insistiu en que se convocase un grupo de traballo para elaborar un procedemento.

A Administración notifícanos as modificacións de RPT e Resolución de CECIR.
Neste punto a CIG, mostra a súa desconformidade coas amortizacións de prazas posto que non se acompañan dunha memoria xustificativa. Nós entendemos que non se deberían amortizar neste momento as prazas a funcionarizar, deberían gardarse para o concurso do anexo II (prazas a funcionarizar), para poder ofertar esas prazas, e polo tanto amortizaríanse as vacantes resultantes, así mesmo non estamos de acordo coas prazas que amortizan que teñen como apostila "*a regularizar por sentencia*", posto que amortiza a praza de orixe e a praza de destino, é dicir, amortizan dúas prazas.

Escritos dirixidos á Subcomisión.
A parte social solicita que se convoquen os grupos de traballo de complementos e de encadramento, para dar contestación a eses escritos.

Encadramento e posibles accións derivadas.
Xa teñen unha norma para encadrar o persoal que falta por encadrar, que é o posterior ao ano 2018. Debido ao encadramento cobrarán atrasos neste mes de maio entre un 80 ou 85 % do persoal, o resto, cando estea feito o encadramento total que esperemos sexa no mes seguinte.

Estudo de situación de horarios fóra das xornadas habituais.
Este punto o presenta CCOO, que non trae nada concreto, polo que CIG, manifesta que non se pronuncia por non ter documentación nin información sobre o tema.

Situación da Sección da Óptica da Farmacia Depósito IGESANDEF. Recoñecemento e abono de funcións do Director/a Técnico/a ao persoal laboral que realiza tales funcións conforme á normativa de aplicación da actividade.

Neste punto a CIG e CSIF, entenden que, quen realiza as funcións de mando ou xefatura e responsabilidade, teñen que ter un complemento acorde ao traballo desenrolado, polo que a Administración mostrouse receptiva, comentando que pediría mais información para completar o expedinte.

Solicitude de convocatoria de varios grupos de traballo do ESPEMI.

Grupo de mobilidade, e complementos, a Administración contesta que se convocará en breve.

Plan de vacinación no Ministerio de Defensa.

Por eneísima vez, pediuse información sobre o plan de vacinación no Ministerio de Defensa, a Administración volveu contestar que non ten información.

A CIG, expresou o seu malestar pola falta de respecto ao persoal civil deste Ministerio, comentando que alo mellor temos información no ano 2022.

Pasáronnos o resumo do informe da asesoría xurídica sobre aplicación do calendario laboral en centros de ensinanza do Ministerio de Defensa.

O informe que enviaron é impreciso e mal explicado, polo que a CIG pediu que nos enviaran o informe completo.